

OBRADOIRO DE CREACIÓN LITERARIA

O país das marabillas

ANTONIO REIGOSA

MEMORIA DO PROXECTO

“O país das marabillas” é un obradoiro de creación literaria ideado para desenvolver con alumnos/as de 4º curso de ESO no *IES Virxe dos Ollos Grandes* (Lugo) entre marzo e maio de 2007.

Este obradoiro é xestionado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) e financiado pola Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, Vicepresidencia da Xunta de Galicia.

Neste obradoiro téntase achegar ao alumnado coñecementos, estímulos e recursos para a desenvolvemento da imaxinación e dalgunhas técnicas narrativas que posibiliten a elaboración de textos literarios tanto orais coma escritos.

Preténdese, asímesmo, contribuír a mellorar a capacidade expresiva oral e escrita para o que propoñemos, por esta orde, primeiro escoitar, logo reproducir ou recrear oralmente para, por último, expresarnos por escrito.

OBXECTIVOS

Os principais obxectivos deste proxecto son:

- Poner en valor a literatura, comezando pola literatura de tradición oral, a máis antiga literatura que existiu, un inmenso e valioso patrimonio transmitido de boca a orella desde os máis recuados tempos e que, afortunadamente, podemos disfrutar aínda vivo nos nosos días. Coñecer as súa historia, as súas orixes nas antigas culturas orientais, a súa difusión por todo o mundo e a situación actual en Galicia.
- Estimular a capacidade de fabulación e de reinención do mundo.
- Concienciar das posibilidades da creatividade literaria como impulso transformador da propia personalidade, da sociedade e da cultura.

PROGRAMA-CONTIDOS

O obradoiro ten prevista unha duración de 10 horas, correspondentes a outras tantas sesións.

1ª, 2ª, 3ª e 4ª sesións

A literatura de tradición oral. Historia. Xéneros: Mitos, lendas, contos, romances...
Recompilar, transcribir, clasificar, archivar: metodoloxía para o traballo de campo.
Lendas urbanas. Recreación oral e escrita

5ª Sesión

Na aula de informática incorporamos textos recompilados e trascritos polo alumnado participante. (Véxase Textos de ANEXO I)

6ª Sesión

Binomio fantástico + erro creativo.

Valéndonos dunha combinación das técnicas de creación denominadas “binomio fantástico” (elección ó chou de dúas palabras) e a denominada “erro creativo” (lapsus, erro que altera unha palabra e por tanto o seu significado) tratamos de construír argumentos.

As palabras que formaron o binomio fantástico resultaron ser *xardín* e *pared*. O erro consistiu en suprimir a letra “p” da palabra pared, o que deu lugar ao nacemento dun ata entón descoñecido vocablo: arede. A partir deste novo vocablo cadaquén propuxo posibles significados, primeiro oralmente e logo por escrito.

(Véxase TEXTOS: Anexo II)

7ª Sesión

Xogo creativo das interrogantes. Cada alumno/a propón un interrogante sen relación cos dos demais. Logo démoslles resposta individual. O resultado é unha obra colectiva, mesmo ilustrada colectivamente (Véxase TEXTOS: Anexo III)

8ª Sesión

Os palíndromos. (Véxase TEXTOS: Anexo IV)

9ª sesión

A petición dos alumnos (aos que se lles deixa escoller a técnica de creación que máis lles agrade das traballadas ata ese momento no obradoiro) construímos un texto a partir do xogo das interrogantes xa experimentado na 7ª sesión.

10ª Sesión

Intercambio de agasallos literarios. Para por remate ao obradoiro propónse que na derradeira sesión se intercambien agasallos literarios, ben de creación propia, ben textos tirados de escritoras e escritores que por algún motivo lles chamasen a atención.

A resultas desta proposta todos os alumnos agasallaron ao resto do grupo con textos de, entre outros, Bécquer, Espronceda, Alberti, Eduardo Galeano ou Celso Emilio Ferreiro. Cadaquén deu lectura ao texto correspondente.

Dous dos alumnos achegaron creacións propias.

DATAS DE DESENVOLVEMENTO DO OBRADOIRO:

2, 9, 16, 23 e 30 de marzo, 13, 20 e 27 de abril, 4 e 11 de maio de 2007.

Duración: 10 horas.

PARTICIPANTES

ALUMNOS/AS DE 4º DE E.S.O. (CURSO 2006-2007) DO I.E.S. VIRXE DOS
OLLOS GRANDES (LUGO):

1. Adrián López González
2. Adrián Sanmartino Amigo
3. Alba Fernández Alonso
4. David Rodríguez López
5. Diego Puente Diéguez
6. Elena Mª Centelles Vázquez
7. Héctor Vila Fernández
8. Irena García López
9. Jessica Raposo Corredoira
10. Juan José Seijas Vázquez
11. Karina Varela López
12. Lucas Núñez Vila
13. Manuel Carral López
14. Miriam Pérez Álvarez
15. Noelia López Otero
16. Óscar Martínez García
17. Patricia Vázquez Rodríguez
18. Raquel Álvarez Pérez
19. Ruth Fernández Otero
20. Samuel Cebreiro López

Profesora responsable: Áurea Pena Roibás.